

IDÉNTICAS

Luis Avilés Baquero, 2018

528

ESTREA EN NUMAX: 17.05.2019 | V.O.

Idénticas (2018, 67')

Dirección: Luis Avilés Baquero

Guión: Luis Avilés Baquero

Son: La Panificadora Estudios

Montaxe: Luis Avilés Baquero

Produtora: Amanita Films

Distribuidora: Amanita Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Galego

PREMIOS E FESTIVAIS

Mestre Mateo 2019 (Mellor Documental)

FILMOGRAFÍA

Minuto Final, 2018

Os días afogados, 2015 (co-director)

Retornos, 2010

A subela [curtametraxe], 2002

SINOPSE

Dúas irmáns xemelgas de Lousame, Cayetana e Celia, de 7 anos, padecen unha enfermidade ultrarara, a etereoplaxia ósea progresiva. *Idénticas* fala da súa vida, da dos seus pais e de todo o que supón para unha familia convivir con esta enfermidade. Cayetana e Celia son as únicas xemelgas idénticas no mundo que teñen esta enfermidade pero é que ademais son o único caso no mundo en que unha das irmáns, Cayetana, experimenta os síntomas mentres que Celia non ten a enfermidade en proceso.

«Un logro cinematográfico informativo e conmovedor, grazas ao guión ben estruturado e documentado e ás impecábeis actuacións»

Fabien Lemercier, CINEUROPA.



“Se denegan axudas para que unhas nenas cunha enfermidade rara teñan unha oportunidade, tamén mas están denegando a min”

Entrevista con Luis Avilés

Por Montse Dopico

Coñecía as nenas ou sabías delas antes de comezar con este proxecto? Coñecía as nenas e á familia de velos por aí. Sabía que ás nenas lles pasaba algo pero non sabía exactamente o que, e pensaba que non debía ser algo grave porque aparentemente están ben e a simple vista non semella que teñan nada especial. Ademais, antes a enfermidade non era tan evidente en Cayetana.

Un amigo da familia chamoute para facer un vídeo, mais ti decidiches facer un documental. Por que?

Púxose en contacto comigo Javier Rey, o actor de Noia. Somos amigos dende hai tempo: el é tamén amigo da familia. Javi preguntoume se me importaría facer unha pequena peza onde os pais explicasen o que é a heteroplasia ósea progresiva. Eu non tiven problema en facelo, todo o contrario. A peza, duns nove minutos, está colgada polos pais

en Youtube, e con ela explican o por que da súa asociación e tamén en que consiste a súa loita. De tódolos xeitos a min sóubome a pouco: pensaba que podía facer algo máis “grande” e tentar así colaborar con eles co que eu sei facer. Así naceu *Idénticas*.

O discurso das voces en off salienta moito a forza, a alegría e a felicidade das nenas, que define como “loitadoras”. “Ante a súa felicidade, non podes estar mal”, di. Como se prepararon eses textos que se len en off (que representan a voz do pai e da nai)? O texto do off está sacado de maneira literal de entrevistas que tiña con eles ó final de cada xornada de traballo. Eu preguntaba sobre o que acababamos de rodar tentando ser o máis minucioso, sobre todo no que se refire a emocións. O texto que eles len son transcricións desas charlas. Decidín que fosen eles os que as lesen, que a voz fose a súa, porque aínda que se note que non son locutores esas palabras pertencenlles a eles e eu pensaba que eran eles quen tiñan que dicilas porque esa era a súa verdade e a súa experiencia. Un locutor ou unha locutora non transmitirían o que transmiten os pais.

O documental pode servir, quizais, a outras persoas que se atopan en situacións semellantes debido ao que conta do proceso que viviron os pais: da desolación, de impedir que as nenas xogasen por medo a que se fagan dano, a escoller que vivan, o mellor posible, o tempo que sexa. O seu aprender a convivir coa enfermidade,

sen deixar que ela mande na casa. É, quizais, unha das aprendizaxes que ti mesmo tiraches da realización deste documental? Se este documental se chama *Idénticas* non é solo polo feito de que elas sexan xemelgas. Facendo este traballo descubrí o evidente: que todos somos iguais, e que se a elas lles están denegando unhas axudas para que se investigue e teñan unha oportunidade, tamén mas están denegando a min. Todos deberíamos ser idénticos a estes pais. Ante un drama así, todo debería ser máis fácil e non estar cheo de portas ás que chamas e non se abren, onde a burocracia pide tempos que nin os pais nin as nenas poden asumir, porque a enfermidade avanza e non perdoa. En certo modo, esta historia fala dunha administración insensible e dunha sociedade permeable á dor, que asume dun xeito natural que hai que botar unha man: os cartos para a investigación saen desa axuda. A administración non está a altura da sociedade para a que traballa. Por outro lado, quedo coa superación tranquila e inconsciente das nenas: esa foi unha das aprendizaxes que levo. Elas son loitadoras natas porque o son, sen máis; non sei como sería se fosen adultas. Na inocencia loitadora delas hai moito que aprender.

Fragmento da entrevista publicada en praza.gal

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax